



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Número 467  
25 de abril de 2019



CSV: BOPGDSPGncq3qLZIAT7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

#### Asignación á Comisión polo procedemento ordinario

■ 48795 (10/PL-000014)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia

[158632](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

#### Aprobación sen modificacións

■ 47376 (10/PNC-003831)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e sete deputados/as máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña

[158632](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

■ 39301 (10/PNC-003154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e catro deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, durante a X lexislatura, das obras de mellora pendentes na estrada OU-533, A Gudiña-A Rúa, en especial a construción dun terceiro carril en diferentes tramos

[158633](#)

#### COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

#### Aprobación con modificacións

■ 40267 (10/PNC-003255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación polas oficinas agrarias comarcais das funcións de dinamización e de asesoramento que viñan prestando aos agricultores e gandeiros

[158633](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 40327 (10/PNC-003258)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reparar os danos ocasionados pola vaga de frío con nevaradas rexistrada o 27 de outubro de 2018 nas comarcas da montaña lucense, nomeadamente no Courel, O Incio e A Fonsagrada

[158634](#)**I 43042 (10/PNC-003467)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adotar a Xunta de Galicia para a posta en funcionamento dunha marca de garantía que ampare os produtos hortícolas galegos antes do ano 2020

[158634](#)**I 47730 (10/PNC-003859)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas Oficinas Agrarias Comarcais

[158634](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia****1.4.1.4. Memoria anual do estado das Directrices de Ordenación do Territorio****I 49146 (10/MDOT-000003)**

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Memoria 2018 de control das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e Informe de Seguimento ao que se refire o Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial

[158635](#)**1.4.5. Respostas a preguntas****I 49237 - 9009 (10/PRE-003842)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre os datos referidos ás obras de mellora da estrada LU-124 no tramo comprendido entre Lindín e Cruz da Cancela

[158646](#)

**I 49236 - 12973 (10/PRE-006767)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a execución das obras da estrada LU-124 no tramo Lindín-Cruz da Cancela

[158648](#)**I 49235 - 21879 (10/PRE-008823)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a natureza, os prazos e a dotación orzamentaria das obras da estrada LU-124 no seu tramo Lindín-Cruz da Cancela

[158650](#)**I 49234 - 33555 (10/PRE-013191)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a evolución das obras da estrada LU-124 no tramo Lindín-Cruz da Cancela

[158653](#)**I 49319 - 44915 (10/PRE-014435)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os trámites pendentes de levar a cabo pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para o arranxo da estrada LU-P-1301, Pedrafita-Seoane do Courel

[158655](#)**I 49318 - 45091 (10/PRE-014453)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a porcentaxe de lixo trasladado a Sogama por ferrocarril no ano 2018 e o prazo previsto polo Goberno galego para o uso exclusivo dese medio de transporte para o seu traslado

[158657](#)**I 49233 - 45113 (10/PRE-014454)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do anteproxecto de conexión entre a AC-14 e a AP-9 promovido polo Ministerio de Fomento e a recepción dalgunha solicitude do Concello de Culleredo para o estudo das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14, así como as súas previsións respecto da construción do vial previsto no Plan MOVE

[158659](#)**I 49317 - 45352 (10/PRE-014470)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dalgún acordo cos concellos, a través da Comisión Galega de Cooperación Local, respecto da Resolución do 15 de xaneiro de 2019, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo doméstico que deberá aplicar Sogama para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para ese ano

[158662](#)**I 49315 - 46383 (10/PRE-014570)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia para o período 2010-2020, o prazo previsto para a posta en funcionamento das once plantas de compostaxe e envases lixeiros reflectidas nel e as súas intencións respecto da elaboración dun novo plan [158664](#)

**I 49314 - 47481 (10/PRE-014676)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para favorecer no Anteproxecto de lei de residuos de Galicia a instalación de plantas de xestión de residuos en explotacións mineiras [158667](#)

**I 49313 - 47801 (10/PRE-014708)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre o anuncio do Anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados ao remate do Consello da Xunta de Galicia no que foi presentado, as razóns da demora do Goberno galego na modificación da normativa vixente nesa materia e o prazo previsto para a aprobación das estratexias de loita contra o cambio climático e de economía circular [158669](#)

**I 49312 - 48017 (10/PRE-014733)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rehabilitación de inmobles no concello de Ribadavia a través do programa Rexurbe de recuperación de núcleos históricos de vilas e cidades, así como o asinamento dalgún convenio de colaboración co Concello para ese fin [158672](#)

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

##### 2.3.2.9. Protección de datos de carácter persoal

I Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de abril de 2019, polo que se modifica o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia [158637](#)

### 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

#### 2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 29 de abril de 2019, ás 16.00 horas) [158640](#)

I Sesión plenaria (día 29 de abril de 2019, ao remate da anterior) [158641](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa do Parlamento, na reunión do 23 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

### Asignación á Comisión polo procedemento ordinario

- 48795 (10/PL-000014)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia

BOPG nº 458, do 09.04.2019

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

### COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 23 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

### Aprobación sen modificacións

- 47376 (10/PNC-003831)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e sete deputados/as máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña

BOPG nº 444, do 13.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo de mellora do trazado e as prestacións da estrada OU-533, de modo que conte coas características axeitadas para comunicar, a través dunha renovada infraestrutura, a futura autovía A-76 desde Valdeorras, coa autovía A-52, no concello da Gudiña.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 39301 (10/PNC-003154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e catro deputados/as máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, durante a X lexislatura, das obras de mellora pendentes na estrada OU-533, A Gudiña-A Rúa, en especial a construción dun terceiro carril en diferentes tramos

BOPG nº 378, do 31.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

### **COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 24 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación con modificacións**

- 40267 (10/PNC-003255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación polas oficinas agrarias comarcais das funcións de dinamización e de asesoramento que viñan prestando aos agricultores e gandeiros

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 49350, e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Levar a cabo unha análise completa da situación actual das Oficinas Agrarias Comarcais existentes en Galicia no presente ano 2019.

2. Antes de rematar a lexislatura, realizar unha planificación das Oficinas Agrarias Comarcais consecuente coa realidade da actividade agrogandeira galega, garantindo que as oficinas agrarias comarcais manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores das zonas correspondentes, dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 40327 (10/PNC-003258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reparar os danos ocasionados pola vaga de frío con nevaradas rexistrada o 27 de outubro de 2018 nas comarcas da montaña lucense, nomeadamente no Courel, O Incio e A Fonsagrada

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 43042 (10/PNC-003467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adotar a Xunta de Galicia para a posta en funcionamento dunha marca de garantía que ampare os produtos hortícolas galegos antes do ano 2020

BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 47730 (10/PNC-003859)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas Oficinas Agrarias Comarcais

BOPG nº 446, do 21.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª





## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

#### 1.4.1.4. Memoria anual do estado das Directrices de Ordenación do Territorio

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de abril de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### **Admisión a trámite, remisión á Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e publicación do acordo**

- 49146 (10/MDOT-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Memoria 2018 de control das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e Informe de Seguimento ao que se refire o Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial

A Mesa acorda a admisión a trámite, a remisión aos membros da Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e a publicación do acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e da Memoria na páxina web da Cámara

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 23 de abril de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

#### **Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación**

- 49237 - 9009 (10/PRE-003842)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre os datos referidos ás obras de mellora da estrada LU-124 no tramo comprendido entre Lindín e Cruz da Cancela

- 49236 - 12973 (10/PRE-006767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a execución das obras da estrada LU-124 no tramo Lindín-Cruz da Cancela

- 49235 - 21879 (10/PRE-008823)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis



Sobre a natureza, os prazos e a dotación orzamentaria das obras da estrada LU-124 no seu tramo Lindín-Cruz da Cancela

- 49234 - 33555 (10/PRE-013191)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a evolución das obras da estrada LU-124 no tramo Lindín-Cruz da Cancela

- 49319 - 44915 (10/PRE-014435)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os trámites pendentes de levar a cabo pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo para o arranxo da estrada LU-P-1301, Pedrafita-Seoane do Courel

- 49318 - 45091 (10/PRE-014453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a porcentaxe de lixo trasladado a Sogama por ferrocarril no ano 2018 e o prazo previsto polo Goberno galego para o uso exclusivo dese medio de transporte para o seu traslado

- 49233 - 45113 (10/PRE-014454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do anteproxecto de conexión entre a AC-14 e a AP-9 promovido polo Ministerio de Fomento e a recepción dalgunha solicitude do Concello de Culleredo para o estudo das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14, así como as súas previsións respecto da construción do vial previsto no Plan MOVE

- 49317 - 45352 (10/PRE-014470)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dalgún acordo cos concellos, a través da Comisión Galega de Cooperación Local, respecto da Resolución do 15 de xaneiro de 2019, pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo doméstico que deberá aplicar Sogama para o ano 2019, así como a bonificación aplicable para ese ano

- 49315 - 46383 (10/PRE-014570)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia para o período 2010-2020, o prazo previsto para a posta en funcionamento das once plantas de compostaxe e envases lixeiros reflectidas nel e as súas intencións respecto da elaboración dun novo plan

- 49314 - 47481 (10/PRE-014676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para favorecer no Anteproxecto de lei de residuos de Galicia a instalación de plantas de xestión de residuos en explotacións mineiras

- 49313 - 47801 (10/PRE-014708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o anuncio do Anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados ao remate do Consello da Xunta de Galicia no que foi presentado, as razóns da demora do Goberno galego na modificación da normativa vixente nesa materia e o prazo previsto para a aprobación das estratexias de loita contra o cambio climático e de economía circular

- 49312 - 48017 (10/PRE-014733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rehabilitación de inmobles no concello de Ribadavia a través do programa Rexurbe de recuperación de núcleos históricos de vilas e cidades, así como o asinamento dalgún convenio de colaboración co Concello para ese fin

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.3. Réxime e goberno interior**

#### **2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior**

##### **2.3.2.9. Protección de datos de carácter persoal**

### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de abril de 2019, polo que se modifica o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia**

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de marzo de 2019, aprobouse o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 449, do 26 de marzo de 2019).

Para determinados procedementos parlamentarios resulta preciso prever a cesión de datos de carácter persoal, como é o caso das conclusións das comisións de investigación, das que se lles poderá dar traslado ao Ministerio Fiscal e aos órganos xudiciais, polo que cómpre modificar a actividade de tratamento denominada *Xestión de procedementos parlamentarios*.

Por outra parte, vistas as recomendacións da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), faise preciso incluír unha nova actividade de tratamento no dito Rexistro de actividades referida á xestión e avaliación das fendas de seguridade dos datos de carácter persoal, que cómpre notificar á autoridade de control e, de ser o caso, ao interesado, en cumprimento co disposto nos artigos 33 e 34 do RXP.



Ademais, co fin darlles unha maior axilidade aos procesos derivados das actividades de tratamento, considérase conveniente que se faculte a Oficialía Maior para efectuar as modificacións que no sucesivo sexan precisas no Rexistro de tratamento de datos de carácter persoal, sen prexuízo do seu posterior informe á Mesa do Parlamento de Galicia.

En consecuencia, á vista do disposto no RXP, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e nos artigos 30.1.2.<sup>a</sup> do Regulamento do Parlamento de Galicia e 17.a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), a Mesa, en sesión do 23 de abril de 2019, adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Modifícase o Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal do Parlamento de Galicia, aprobado polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 20 de marzo de 2019 (BOPG núm. 449, do 26 de marzo de 2019), no punto 16, referido á actividade de tratamento denominada *Xestión de procedementos parlamentarios*, nos seguintes termos:

a) Onde figura:

#### CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Parlamentarios, persoal dos grupos parlamentarios, persoal da Administración do Parlamento de Galicia e cidadáns ou autores de peticións ou que eventualmente figuren no texto das iniciativas presentadas por deputadas e deputados ou Grupos Parlamentarios ou nos acordos adoptados polos órganos do Parlamento.

Debe figurar:

#### CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Parlamentarios, persoal dos grupos parlamentarios, persoal da Administración do Parlamento de Galicia, cidadáns e persoas autoras de peticións ou que eventualmente figuren no texto das iniciativas presentadas por deputadas e deputados ou Grupos Parlamentarios, ou nos acordos adoptados polos órganos do Parlamento.

b) Onde figura:

#### DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal poderán ser publicados na páxina web, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e/ou no *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.

Non están previstas cesións de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Debe figurar:

#### DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal poderán ser publicados na páxina web, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e/ou no *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.



Non están previstas cesións de datos, agás, se é o caso, nos supostos legalmente previstos, ao Ministerio Fiscal e aos órganos xudiciais.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Segundo. Introdúcese a actividade de tratamento denominada *Xestión de crebas de seguridade*, nos termos que se indican a continuación:

## **ACTIVIDADE TRATAMENTO:**

### **27. XESTIÓN DE CREBAS DE SEGURIDADE**

#### **RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

**[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)**

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela.

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión: **[pdcp@parlamentodegalicia.gal](mailto:pdcp@parlamentodegalicia.gal)**

Teléfono: 981 551 300.

#### **DELEGADA DE PROTECCIÓN DE DATOS**

Letrada do Parlamento de Galicia, D<sup>a</sup> María Aneiros González.

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela.

Correo electrónico: **[dpd@parlamentodegalicia.gal](mailto:dpd@parlamentodegalicia.gal)**

#### **BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO**

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal [art. 6.1.c) do RXPDP] aplicable ao responsable do tratamento.

#### **FINS**

Xestión e avaliación das crebas de seguridade notificadas polos responsables do tratamento.

#### **CATEGORÍAS DE INTERESADOS**

Persoas físicas, incluídas as representantes de persoas xurídicas.

#### **CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS**

*Datos persoais:* datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, sinatura.

#### **DESTINATARIOS**

Autoridade de control correspondente (Axencia Española de Protección de Datos), a máis tardar nas 72 horas despois de ter constancia dela. Se a dita notificación non ten lugar dentro deste prazo, deberá ir acompañada da indicación dos motivos da dilación.



Se for necesario, cando a dita fenda de seguridade supoña un alto risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, comunicaráselle ao interesado, e ás Forzas e Corpos de seguridade do Estado, de ser o caso.

Non están previstas transferencias internacionais dos datos.

### **CONSERVACIÓN DOS DATOS**

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

### **MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE**

**Avaliación de risco:** as medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

**Responsable de seguridade TIC:** Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

**Procedementos e sistemas de seguridade:** conforme o disposto na normativa interna de aplicación: "Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia".

Terceiro. Facúltase a Oficialía Maior para realizar as modificacións que no sucesivo sexan precisas no Rexistro de actividades de tratamento de datos de carácter persoal, sen prexuízo do seu posterior informe á Mesa do Parlamento de Galicia.

Cuarto. Este acordo producirá efectos a partir do día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## **2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**

### **2.4.3. Convocatorias**

#### **Sesión plenaria (día 29 de abril de 2019, ás 16:00 horas)**

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 29 de abril de 2019, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 23 de abril de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:



Punto único. Debate e votación da proposta de cesamento da valedora do pobo (doc. núm. 48836 e 48900)

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **Sesión plenaria (día 29 de abril de 2019, ao remate da anterior)**

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 29 de abril de 2019, ao remate da sesión convocada para as 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 23 de abril de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

#### Punto 1. Mocións

##### 1.1 49108 (10/MOC-000138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral, en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 31757, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

##### 1.2 49122 (10/MOC-000139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 29767, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

##### 1.3 49139 (10/MOC-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 43462, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

#### Punto 2. Proposicións non de lei

##### 2.1 11763 (10/PNP-001067)

Grupo Parlamentario de En Marea



Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 12.07.2017

2.2 44048 (10/PNP-003282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

2.3 44420 (10/PNP-003314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

2.4 48318 (10/PNP-003655)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, co fin de regular a delimitación de vivenda baleira e establecer o dereito a tanteo e retracto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

2.5 48556 (10/PNP-003668)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

2.6 48944 (10/PNP-003698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

2.7 48955 (10/PNP-003699)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis





Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

2.8 49151 (10/PNP-003716)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

### Punto 3. Interpelacións

3.1 19848 (10/INT-000653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

3.245516 (10/INT-001497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

3.3 47773 (10/INT-001585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a política do Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

### Punto 4. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

4.1 49321 (10/POPX-000142)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia do clientelismo e da arbitrariedade na salvagarda dos intereses sociais e medioambientais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

4.2 49323 (10/POPX-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a necesidade de cumprimento pola CRTVG da función de servizo público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

4.3 49324 (10/POPX-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

## Punto 5. Preguntas ao Goberno

5.1 45155 (10/POP-005390)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e nove deputados/as máis

Sobre a realización polos concellos de Ferrol e de Pontevedra dos trámites necesarios para a posta en marcha do transporte urbano a que están obrigados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.2 47999 (10/POP-005732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

5.3 49291 (10/PUP-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante das últimas novidades xudiciais respecto da área de enerxía e minas da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

5.4 49320 (10/PUP-000243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

5.5 42908 (10/POP-005065)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os medios dos que dispón o Servizo Galego de Saúde para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019



5.6 45406 (10/POP-005419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa calidade da atención primaria no concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.7 48507 (10/POP-005796)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento e acollemento polas familias das casas niño dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

5.8 48738 (10/POP-005820)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao sindicato Xóvenes Agricultores

